

**Resolución do 8 de novembro de 2023 do tribunal designado para xular o proceso selectivo para o acceso por oposición libre a unha praza de vixante municipal no concello de Rábade (código de procedemento PR461E).**

Na sesión que tivo lugar o día 6 de novembro de 2023 constituíuse o tribunal nomeado pola Resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro) o cal, de conformidade coas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

1.- Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 6 de novembro de 2023.

2- O primeiro exercicio do proceso de acceso por oposición libre levarase a cabo o día 24 de novembro de 2023 ás 16:30 horas, na sede da Academia Galega de Seguridade Pública.

Este exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 50 preguntas e catro respuestas alternativas, propostas por este tribunal, das cales só unha delas é correcta.

Este Tribunal accordou incluír no cuestionario, un total de 5 preguntas de reserva, que no suposto que se anule algunha das cuestións da proba de coñecementos, teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.

A proba terá unha duración dunha hora (60 minutos), e non se concederá tempo a maiores.

Para a corrección deste exercicio terase en conta a normativa en vigor na data da publicación da convocatoria do Diario Oficial de Galicia (5 de maio de 2023)

As persoas aspirantes deberán cumplir as seguintes regras:

a) Deberán ir provistas de:

- DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- Bolígrafo azul

b) Non está permitido o acceso ao recinto onde se vai a desenvolver o exercicio con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, axendas electrónicas ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

c) Non se habilitará ningún servizo para a súa recollida ou depósito de teléfonos móbiles nin calquera outro material e/ou instrumentos.

d) Poderase abandonar o lugar de realización da proba unha vez rematada a mesma, agás nos primeiros e nos derradeiros 15 minutos do tempo establecido, sempre e cando sexa autorizado polo tribunal.

e) Durante a realización do exercicio as persoas aspirantes deberán manter en todo momento visibles os pavillóns auditivos e non se permite o uso de prendas na cabeza.

f) O chamamento establecése para as 16:30 horas e as persoas aspirantes que non comparezan ao chamamento entenderanxe decaídas no seu dereito a continuar no proceso selectivo.

g) A proba será cualificada de cero a dez puntos e será preciso acadar cinco puntos como mínimo.

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

$$N = (A - F/3)/10$$

Onde N= nota final da proba; A=cuestións acertadas; F=cuestións erradas ou non contestadas

Así:

- Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- Cada resposta incorrecta ou non contestada, descontará un terzo dunha pregunta correcta.

Serán convocadas a realización do terceiro exercicio (probas físicas) as 5 persoas aspirantes que resulten aprobadas con mellor cualificación na proba de avaliación de coñecementos, sempre que superaran o exercicio de acordo co establecido nas bases da convocatoria e sexan aptas na proba de coñecementos da lingua galega ou estean exentas da súa realización.

Todas aquelas persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a 5 mellor cualificación na proba de coñecementos, serán convocadas igualmente á realización do terceiro exercicio.

3.- O segundo exercicio do proceso selectivo, correspondente a avaliación de coñecementos da lingua galega, realizarase a continuación da proba de coñecementos.

Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán e terá unha duración máxima dunha hora.

4.- Tal e como establece a convocatoria, os aspirantes disporán de cinco días para presentar alegacíons as preguntas do cuestionario ou ao enunciado da proba de coñecementos da lingua galega e as mesmas remitiranse a dirección de correo electrónico: [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal) , indicando nome, apelidos, número do DNI, cuestión que se impugna e motivo.

Pontevedra, asinado dixitalmente

A presidenta do Tribunal

Amara García Senín